



Anuncio do 17 de setembro de 2018 polo que se fai pública a resolución da concesión dos premios do concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas

Mediante Resolución da Directora da Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) do 8 de maio de 2018 (publicada no DOG núm. 93, do 16 de maio) aprobáronse as bases reguladoras e convocouse o concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas. Os premios do dito concurso foron dotados, segundo o establecido pola base segunda da convocatoria, cos seguintes importes:

Categorías	De 9 a 11 anos	De 12 a 14 anos
1º premio	250 euros	250 euros
2º premio	200 euros	200 euros
3º premio	150 euros	150 euros

En cumprimento do establecido nas bases décimo segunda e décimo terceira da dita Resolución do 8 de maio de 2018, a adxudicación dos premios realizase en virtude da resolución da directora da EGAP, de acordo coa proposta do xurado, que debe ser publicada na web da Escola e no Diario Oficial de Galicia, producindo esta publicación os efectos da notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta resolución de adxudicación foi ditada por delegación en virtude do disposto polo apartado 1º i) da Resolución da Dirección da EGAP do 17 de decembro de 2007 sobre delegación de competencias no secretario xeral.

De acordo co exposto, faise pública a Resolución de 13 de setembro de 2018 da concesión dos premios do concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas do ano 2018, que foi adoptada de acordo coa proposta do xurado e seguindo o procedemento regulado na Resolución da Directora da Escola, e que literalmente di:

“De acordo coa proposta do xurado e en virtude do sinalado pola base décimo primeira da Resolución do 8 de maio de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria do Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas, RESOLVO:

Primeiro. Adxudicar os seguintes premios:

CATEGORÍA 1

1º 250 euros para Martina Vázquez Lemos por Os maravilhosos mundos da música

2º 200 euros para Irea Sanín Segade por A forza das raíces



3º 150 euros para Enara Sánchez García por A chispa da imaxinación

CATEGORÍA 2

1º 250 euros para Carolina del Carmen Nieto Rodríguez por Lúa e Lúa

2º 200 euros para Silvia Curieses Fernández por O comezo dunha nova época.

3º 150 euros para Lara Suárez-Mira Reija por Alma a deriva

Segundo. Ordenar que se publique esta resolución na páxina web da EGAP e no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro. Requiritr ás persoas premiadas para que no prazo de cinco (5) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte a aquel no que se publique esta resolución no Diario Oficial de Galicia, acepten o premio, o que deberán facer mediante a presentación dun escrito asinado en tal sentido pola persoa premiada ou a persoa que legalmente a represente dirixido á EGAP.

Esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá ser impugnada en reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto polos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Asemade, cabe a interposición directa de recurso contencioso-administrativo ante os xulgados desa xurisdición que resulten competentes, no prazo de dous (2) meses contados tamén a partir do día seguinte ao da publicación deste acto, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

A directora

P.D. (Resolución do 17.12.2007, DOG. núm. 3, do 02.01.2008)

Secretario xeral da EGAP



Sergio Domingo Baamonde-Boquete